

PEZA DO MES

setembro

2015



RETRATO DE PAZ NOVOA
J. M. SALGADO RODRÍGUEZ

XUNTA DE GALICIA

Retrato de Paz Novoa. J.M. Salgado Rodríguez

A segunda metade do século XIX é a época máis destacada da retratística galega. A industrialización no económico e o liberalismo no político provocan o ascenso dunha clase media burguesa que demanda este tipo de obras. Por primeira vez encontramos retratos de todas as clases sociais: aristócratas, burgueses, militares, profesionais liberais, etc., e grazas a Juan José Cancela del Río –na súa dobre faceta de pintor e profesor– o retrato adquire protagonismo na nosa pintura, marcada dende os seus inicios pola falta de escolas de debuxo e pola carencia de demanda.

A información que temos sobre o pintor deste retrato, José Salgado Rodríguez, é escasa e procede principalmente de Couselo Bouzas e dalgunhas referencias da prensa do século XIX. Sabemos que naceu en Santiago de Compostela –na parroquia de Santa María do Camiño o 23 de marzo de 1836, fillo de Francisco e de Juana– e que non tería falecido con anterioridade a 1889 xa que nese ano están datadas dúas obras súas. A escaseza de recursos económicos da familia impediu a súa marcha a Madrid para continuar e completar a súa formación artística, que se desenvolveu en Galicia como alumno de Cancela del Río na Escola de Pintura da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. José Manuel López Vázquez encádrao no que el chama a xeración de románticos de 1830, da que tamén formarían parte Francisco Sobrino Iglesias, Vicente Valderrama Mariño e José Garabal Louzao, aos que considera plenamente románticos.

Naquel século a temática relixiosa era aínda inevitable así que Salgado pintou cadros como *A Ascensión*, *A Dolorosa*, *O soño de San Xosé*, etc.; na revista Galicia (1863) menciónase a súa participación na exposición anual da escola de debuxo da Sociedade Económica –como alumno da escola de adultos– con dous lenzos de tema relixioso: *O Bo Pastor* e *A Santísima Trindade*, dos que se resaltan *As felices disposicións do Sr. Salgado* e *canto os bos modelos inflúen na educación e perfección artística*.

No que respecta ao retrato, para el posaron personalidades da vida galega do século XIX como Casto Méndez Núñez e familias da burguesía

compostelá como os Mosquera, os Cimadevila ou os Mouríño, e en todos eles, como sinalaba Chamoso Lamas, *corroboramos avisada observación y un correcto quehacer*.

O retrato de Juan Manuel Paz Novoa –con certeza encargo persoal– foi pintado en 1868 en Santiago de Compostela xa que así asina e data o lenzo o autor. É un retrato de busto, de pequenas dimensións e formato ovalado, algo habitual no arquetipo de retrato burgués galego do romanticismo, e Paz é retratado á idade de vinte e nove anos, en posición lixeiramente terzada –case frontal– ante un fondo neutro; sobre o peito leva a medalla de catedrático. É unha obra moi académica, formal, na que a fidelidade ao retratado é o esencial de maneira que a pose, a vestimenta e as tonalidades usadas son consecuentes co obxectivo de dignificar o personaxe e outorgarlle a distinción social que lle corresponde. O rostro centra a nosa atención xa que é enfocado dende o ángulo superior esquerdo e queda no medio da penumbra circundante; Salgado reflicte con calidade os seus trazos fisionómicos: rostro alongado, fronte alta e pómulos lixeiramente caídos, pelo con carreiro ao medio, bigote amplo, pupilas cun toque de pincelada branca e mirada de certa seriedade melancólica. O xesto de Novoa é serio, adusto, e a súa postura corporal un tanto envarada e de certa sobriedade protocolaria. A cor é secundaria e só destacan pequenas pinceladas de carmín, o brillo prateado da medalla e o branco da camisa, que poñen o contrapunto ao negro da toga. A pincelada é curta, pouco matérica e apenas deixa trazos sobre o lenzo. O resultado final non está moi lonxe dos retratos destinados ás galerías de personaxes ilustres.

Obviamente Salgado Rodríguez é un artista inferior ao seu profesor Cancela del Río e moito menos alcanza a mestría dos retratos de Dionisio Fierros Álvarez que naqueles anos estaba a traballar en Santiago de Compostela; aínda así, podemos asegurar que é un bo coñecedor do seu oficio xa que o debuxo é correcto, a técnica é boa, a composición é sempre axeitada e non comete erros de vulto no tratamento das figuras.

De calquera xeito, gran parte do interese desta obra procede do retratado, Juan Manuel Paz Novoa (Ourense, 1839–1895), un dos ourensáns máis ilustres da segunda metade do XIX. Da súa formación

académica destacaremos a licenciatura en Dereito pola Universidade de Santiago (1861) e o grao de doutor en Dereito pola *Universidad Central de Madrid* (1862). A maior parte da súa vida transcorreu en Ourense onde mantivo estreitas relacións co grupo de intelectuais daquel período e foi amigo, entre outros, de Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal e Marcelo Macías; pero tamén sabemos da súa grande amizade con Manuel Murguía, co que mantivo unha intensa relación epistolar, e de feito foi Paz quen o enlazou con Emilio Castelar que chegaría a prologar *Follas Novas* (1880) de Rosalía de Castro.

A docencia foi a súa principal ocupación profesional, en 1863 obtén a cátedra de instituto e dende 1865 ata 1887 exercerá como Catedrático de Economía Política e Lexislación Mercantil no Instituto de Ourense, e posteriormente na Coruña.

Non obstante, os seus traballos e intereses non se limitaron ao ensino senón que exerceu como avogado na súa cidade e neste ámbito, ademais da súa posición e escritos a favor da redención dos foros, hai que destacar a defensa de Curros Enríquez nun dos xuízos máis famosos da Galicia do século XIX, proceso motivado pola publicación do libro *Aires da miña terra* –a mediados de 1880–, denunciado especialmente polos poemas *A Igrexa fría* e *Mirando o chau*, sobre todo este último xa que presuntamente desprezaba e se mofaba do dogma da existencia de Deus e se burlaba do Papa. En realidade, había unha clara predisposición en contra de Curros polo seu amor á liberdade e o seu anticlericalismo –ambos os dous evidentes nos seus artigos de *El trabajo*, xornal do que era director–, polo que o libro non foi máis que a escusa perfecta para castigar o poeta. Paz Novoa encargouse da defensa en primeira instancia en Ourense en 1880 pero non evitou que o xuíz Manuel Mella Montenegro condenase a Curros por un delito contra a liberdade de cultos; o proceso xudicial foi elevado en apelación á Audiencia Territorial da Coruña, onde Luciano Puga y Blanco conseguiu finalmente a súa absolución en sentenza do 11 de marzo de 1881.

Ademais, a actividade política de Novoa foi notable e na súa xuventude participou no célebre banquete de Conxo –2 de marzo de 1856–, acto de confraternización demócrata entre obreiros e estudantes que foi clave na súa concienciación política, pero a súa principal intervención tivo

lugar durante o sexenio revolucionario, militando no republicanismo federal. Coa proclamación da I República (1873) convértese en deputado polo distrito de Trives e cando Castelar alcanza a presidencia –en setembro– tería proposto a Juan Manuel Paz como Ministro de Fomento, aínda que cuestións partidistas o privaron do cargo. Coa restauración monárquica converteuse no xefe do Partido Republicano Histórico de Castelar en Galicia pero abandonou definitivamente a política cando este se integrou no Partido Liberal en 1893.

Non podemos deixar de mencionar outras actividades de Novoa, como o seu inxente traballo en prensa, fundou e dirixiu o diario ourensán *El Correo de Galicia*, *Periódico Democrático* (ca. 1872–1874) e colaborou de diferente xeito –redactor, articulista, etc.– en xornais como *El Eco del Liceo*, *Nueva Galicia*, *El Heraldo Gallego*, *El Derecho*, *La Tertulia* ou *El Trabajo*.

Por último, tamén se dedicou á literatura e, aínda que neste caso o seu labor é menor, participou nos xogos florais de 1861 –premiado polo poema Macías el Enamorado– e escribiu o relato *Maruxa e Mingos. Conto Popular*, publicado en 1887, con dedicatoria *Á señora Rosalía Castro de Murguía*.

Para finalizar, podemos reconstruír a traxectoria deste lenzo grazas á información do doador. Tras o falecemento de Paz Novoa o retrato quedou en mans da súa esposa, Concepción Ávila Arines e, dado que non tiveron descendencia, os bens do matrimonio, incluído o domicilio familiar, foron herdados por Ramona Ávila García–prima de Concepción e solteira–. A familia de Anselmo López Morais –pai do doador– tiña parentesco con Concepción Ávila –pola liña dos Arines– e el mantiña unha estreita amizade con Ramona, relación que o levou a figurar como herdeiro no seu testamento aínda que nos últimos días da vida daquela, falecida en 1956, o cambiou a favor do bispado de Ourense, grazas ao cal este herdou a casa de Paz Novoa nun amplo soar no que logo se levantaron as Galerías Proyflém. En todo caso, Anselmo López Morais recibiu este lenzo que nos ocupa e algúns obxectos máis de Paz Novoa, que foron doados finalmente ao museo polo seu fillo, Anselmo López Carreira, no ano 2014.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Roberto Aneiros García

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA